

O IMPERIALISMO COLONIAL



ENUNCIADOS das preguntas e dos documentos relacionados

- I. Causas da formación do imperialismo colonial de finais do S. XIX e comezos do S. XX
- II. O reparto do mundo a partir de 1870: o reparto de África e a Conferencia de Berlín (1885), e os grandes imperios coloniais de GB e Francia.
- III. Os novos imperialismos: EEUU e Xapón.

IMPERIALISMO COLONIAL

1. **Introdución.**
2. **Causas da formación do imperialismo colonial:**
 - Demográficas.
 - Económicas.
 - Políticas, ideolóxicas, culturais.
 - Científicas.
3. **O reparto do mundo a partir de 1870:**
 - O reparto de África e a Conferencia de Berlin.
 - A expansión imperialista en Asia.
 - Os grandes imperios coloniais: GB e Francia.
 - Os novos imperialismos: Xapón e EEUU.
4. **Consecuencias:**
 - Para as colonias.
 - Para as metrópoles.

1. Introducción.

No século XIX e nos primeiros anos do XX, desenvolveuse un novo modelo de imperialismo, o colonial. Os seus protagonistas foron primeiro Francia e Reino Unido, e máis tarde o resto de países industrializados como Xapón e os EEUU. Este imperialismo na expansión da industrialización que levou á rápida ocupación de Asia e África.

Simultaneamente ao seu desenvolvemento industrial, as potencias imperialistas estenderon o seu dominio político, territorial e cultural sobre a case totalidade de África, Asia, Próximo Oriente e as illas do Pacífico.

2.Causas da formación do imperialismo colonial

Demográficas.

LA POBLACIÓN EUROPEA (CRECIMIENTO)		
Año	Habitantes	Crecimiento %
1850	266.000.000	26,2
1870	310.000.000	25,6
1900	400.000.000	26

O aumento da poboación europea como consecuencia das revolucións industriais entre 1850 a 1900 levou á poboación a buscar mellores perspectivas de vida nos novos territorios, ao tempo que os políticos atoparon unha saída á superpoboación e evitaban as tensións sociais provocadas polas reivindicacións do proletariado. Un crecemento demográfico relacionado coas melloras na alimentación e os avances médicos.

Económicas (diversas e destacadas por todos os historiadores como claves)

- Búsqueda de novos territorios donde invertir os excesos de capitais acumulados coa RI
- Explorar e conquistar zonas donde conseguir materias primas e fontes de enerxía abundantes e baratas (as colonias abasteceron ás metrópoles).
- Asegurarse o control de mercados (espazos)) protexidos nos que colocar exclusivamente os seus produtos industriais
- Utilización de man de obra non cualificada pero barata e dócil.

Políticas, ideolóxicas, etc

a. Unha gran potencia debía estar presente en todos os puntos do globo/planeta (e antes que as demais).

- Os estados adoptaron unha política de prestixio internacional e desenvolveron unha acción diplomática dirixida por fortes personalidades como Chamberlain, Jules Ferry, Leopoldo de Bélxica, Cecil Rhodes etc. Esta hexemonía baseábase no control comercial e militar das principais rutas marítimas¹ e terrestres fronte aos seus rivais. Isto ocasionaría numerosos focos de tensión e conflitos.

b. Idea de superioridade da raza branca que xustifica a necesidade de «civilizar» para sacar do atraso ou barbarie.

- As potencias coloniais desenvolveron teorías racistas que xustificaban e impulsaban a expansión territorial, en moitos casos disfrazada dun paternalismo que sostiña a necesidade do home branco de “rescatar do atraso” ás poboacións autóctonas mediante a instrución e a educación da cultura europea superior á do pobo colonizado que consideraban bárbaro e primitivo.

Científicas

Ao longo do século XIX fometáronse expedicións científicas que alentaron a curiosidade e a aventura por coñecer todas as rexións da Terra como por exemplo ao interior de África mediante o recoñecemento dos seus grandes ríos² que permitiría a penetración no continente e a total colonización do mesmo.

Destacar o papel das Sociedades Xeográficas³, coas súas publicacións apoiaban estas expedicións e familiarizaban á opinión pública cos temas coloniais, unha popularidade que aumentou grazas ao éxito da literatura de viaxes como por exemplo as obras de Julio Verne ou Jack London.

“Darwinismo social”: as teses darwinistas, sobre a evolución das especies, utilizáronse para xustificar o predominio dos máis aptos (os brancos) sobre os menos aptos.

¹ Como as canles de Suéz (1869) e Panamá (1915).


² Exploráronse os grandes ríos africanos como o Nilo, Níxer, Congo ou Zambeze, en expedicións emprendidas por xornalistas (Stanley), misioneiros (Livingstone) ou aventureiros (De Brazza).

³ Tamén organizaron expedicións de carácter antropolóxico e biolóxico que servían para crear novas rutas económicas.

3. O reparto do mundo a partir de 1870

Ata a década de 1870 a expansión colonial por parte dos países europeos era un fenómeno minoritario realizado por poucos países⁴. Foi a partir desta década, co inicio da II Revolución Industrial, cando aumentou en Occidente o interese polo mundo ultramarino incrementándose as expedicións sobre todo en África e o número de nacións con desexos de ter territorios coloniais (caso de Alemaña tras a súa unificación).

O reparto de África e a Conferencia de Berlin.



Ata 1870 a presenza europea en África limitábase a unha serie de factorías costeiras ou pequenos enclaves coloniais nas zonas próximas ao mar. **Pero entre esta data a 1914** produciuse a ocupación total do continente (só Liberia e Etiopía eran independentes).

Esta rápida ocupación produciu frecuentes enfrontamentos entre os países colonizadores sobre todo entre Francia e Reino Unido que controlaban o continente, mentres que

⁴ Ao tempo que España e Portugal perdían gran parte do seu imperio en América, Francia impulsou a ocupación de novos territorios ultramarinos en Alxeria (1830) e Conchinchina (Asia) e Gran Bretaña ao tempo que mantiña o seu vello imperio (excepto as 13 colonias en EEUU), adquiría novos territorios en África onde chocarían con Francia polo dominio da canle de Suéz en 1882, Asia e Oceanía.

Misioneiros, exploradores e aventureiros abriron o resto de África a Europa. Durante a segunda metade do século XIX rexistráronse un gran número de viaxes de exploración e descubrimento a través dos grandes ríos (David Livingstone chegaría as cataratas do lago Victoria; Stanley, etc).

potencias secundarias como Bélxica, Portugal, Italia, Alemaña ou España posuían un número máis reducido de colonias.

O choque de intereses coloniais, especialmente sobre o territorio do Congo⁵, levou á celebración da **Conferencia de Berlín en 1885** impulsada por Bismarck . Nesta Conferencia, as potencias chegaron a unha serie de acordos tanto respecto ao río Congo, pero tamén sobre os criterios xerais que deberían rexer a colonización de África.

Acordos

- A libre navegación polos ríos Congo e Níxer.
- Prohibición da escravitude e comercio de escravos.
- Estableceu a ocupación efectiva para desmostrar a soberanía dun territorio. En definitiva estableceu o **reparto do terreo=África** en zonas non moi extensas e as máis beneficiadas Francia e GB.

Consecuencias:

- Non frenou a expansión colonial.
- Non evitou a conflictividade entre potencias colonizadoras.
- Marcou o proceso de descolonización tras a II Guerra Mundial.

Conflictos en África (simple mención)

Fachoda (Sudán) en 1898

Como consecuencia do choque dos intereses de británicos e franceses de formar imperios contínuos: os ingleses de norte a sur, do Cairo ao Cabo cunha liña de ferrocarril, que chocaba cos franceses que pretendían facelo de oeste a leste (da costa do Sahara ao mar Vermello). O conflito resolveuse pola vía diplomática (acordo).

Conflicto anglo-bóer (1886-1902)

Entre os bóers, granxeiros de orixe holandesa que se estableceron na zona do Cabo a mediados do século XVII, e colonos británicos tras o descubrimento en 1886 de ricos xacementos de ouro e diamantes nos territorios bóers, territorios que ademáis chocaban cos intereses de GB de unir África de norte a sur baixo o seu control.

Neste conflito destacou Cecil Rhodes, home de negocios e gobernador británico do Cabo cuxo obxectivo era conseguir para Gran Bretaña o dominio de todo o sur de África.

⁵ Leopoldo II de Bélxica en 1876 lanzouse a crear un imperio colonial persoal na conca do río Congo. A inmensidade e riqueza dos seus dominios no centro do continente africano levaron a un conxunto de reclamacións do resto de potencias xa instaladas nas costas ás que se sumaron Italia e Alemaña.

Guerras marroquíes (comenzos do século XX)

A pretensión francesa de establecer un protectorado sobre o reino de Marrocos e a oposición alemá ao mesmo, foi un foco de tensións constantes entre ambas as potencias, ata o punto de constituír unha das causas da Primeira Guerra Mundial.

A expansión imperialista en Asia (localización nun mapa).

Destacar a expansión do Imperio ruso en Asia chocou con intereses dos ingleses sobre Persia e a India; tamén con Xapón que levou a unha guerra ruso-xaponesa en 1905, na que Rusia foi derrotada.

O Imperio británico centrouse fundamentalmente na India que incluía Birmania, Malasia e Australia e Nova Zelandia en Oceanía. E os franceses centraron os seus intereses na zona de Indochina. Destacar en Asia a presenza doutros imperios como o holandés e o alemán.

Os grandes imperios coloniais: GB e Francia.



O imperio británico

Formado por territorios repartidos por todo o mundo xa os ingleses buscaban tamén o control das principais rutas comerciais. Foi o máis grande dos Imperios coloniais. Os seus intereses básicos centráronse fundamentalmente na India que foi a súa principal colonia, e o seu mercado principal suministrador de materias primas.

A importancia da India, levou a que a raíña Vitoria fose proclamada en 1877 emperatriz da India.

En África, os ingleses buscaban a unión norte-sur (O Cairo-o Cabo).

O imperio francés

Francia formou o segundo imperio colonial tras o de GB. A súa expansión foi máis reducida e ningunha das súas colonias tiña a importancia económica da India, Australia e Canadá. A expansión francesa centrouse na África mediterránea (Alxeria). Tamén tivo intereses en Asia.

Outros

Alemaña: o imperio colonial alemán non tivo unha continuidade xeográfica, pero posuía colonias en África e illas no Pacífico. A intromisión do kaiser GUillherme II no reparto de África será unha das causas da I Guerra Mundial.

Bélxica: un imperio centrado nos intereses persoais do rei Leopoldo II no Congo.

OS NOVOS IMPERIALISMOS: Xapón e EEUU

EEUU

Desde a súa creación como país **en 1776 ata 1898**, os EEUU, fóronse organizando como Estado a través da expansión territorial de leste a oeste a “conquista do oeste”, que creou unha das ideas básicas do imperialismo dos EEUU “**idea de fronteira**”.

O Imperialismo norteamericano non se caracterizou necesariamente pola anexión territorial, como o francés ou o británico, como pola intervención económica, militar, etc. Fundamentándose nunha serie de doutrinas:

- **Doutrina Monroe:** nas primeiras décadas do S. XIX, o medo á intervención europea no continente americano levou ao presidente Monroe en 1823 a dicir, que os asuntos do continente son “asunto exclusivo” dos americanos polo que non poderían ser colonizados polos europeos.
- **Destino Manifesto:** a medida que ían colonizando as terras do interior do continente, foron chegando un maior número de inmigrantes europeos que ocuparon amplas zonas case despoboadas ou ocupadas polas poboacións indias indíxenas. Dentro deste contexto, o periodista O’Sullivan defendeu en 1845 que o pobo norteamericano tiña un “destino” a cumprir (unir as costas atlántica e pacífica).

Xunto coa expansión polo Pacífico, os EEUU comezaron a súa expansión polo Caribe e Centroamérica, e ante a falta de territorio libre a controlar, expandíronse a costa do vello imperio español en 1898 en Cuba, Porto Rico, Filipinas e a Illa de Guam en Asia.

A comezos do século XX, o presidente Roosevelt (non o da II Guerra Mundial) variou lixeiramente a doutrina Monroe:

- **Corolario Roosevelt ou navalismo:** os EEUU se atribuían o dereito de inxerencia nos asuntos internos de América Latina con fin de defender os intereses económicos e políticos estadounidenses, dominando os mares cunha potente mariña e construíndo bases navais en zonas estratéxicas como a Canle de Panamá.
- **Diplomacia do dólar ou do gran garrote:** os EEUU interviñan na defensa dos seus intereses. Ex. concesión da Independencia a Cuba en 1903, reservándose a base naval de Guantánamo “Enmenda Platt”; apoio a Panamá na súa independencia de Colombia (1903) a cambio do arrendamento perpétuo da Canle de Panamá ata 1999. Na súa intervención en todo o Caribe na defensa das compañías multinacionais estadounidenses.

Imperialismo xaponés

Na última década do S. XIX no Extremo Oriente, Xapón transformouse nunha nova e agresiva potencia imperialista. Unha transformación consecuencia dos profundos cambios do país tras a chamada revolución Meiji en 1868 que implicou a modernización (occidentalización e industrialización) xaponesa que saíu do seu illamento.

4. Consecuencias: para as colonias e para as metrópoles.

Para as metrópoles foron positivas (aumentaron a produción, materias primas, etc). Pero para as colonias, as consecuencias foron negativas: as súas sociedades tradicionais quedaron rotas; a explotación da man de obra chegou a ser brutal, as enfermidades levadas polos europeos afectaron negativamente á poboación indíxena (aínda que tamén se levaron os adiantos médicos de finais do XIX e comezos do XX); o impacto cultural de occidente implicou a perda de tradicións indíxenas que desaparecerían ou serían desprezadas polos brancos.